



Estimadas familias,

Como cada ano celebraremos no noso colexio o tradicional festival de Nadal.

As portas para o acceso das familias abrirán ás 10:50 horas e poderedes baixar directamente ata o ximnasio (que coma sempre converterase por un día no noso auditorio).

Durante aproximadamente corenta e cinco minutos poderemos ver aos nosos e as nosas artistas que cantarán, bailarán e tocarán instrumentos musicais para vós.

Tamén contamos, unha vez finalizadas as actuacións, coa visita dos Reis Magos que foron convocados a vir pola nosa ANPA e que seguro traerán algún adianto de agasallo para o noso alumnado.

Ao entrar no ximnasio a man esquerda poderedes ver as postais que se presentaron a concurso este ano. Coma sempre as gañadoras foron as que se imprimiron nas felicitacións do colexio e que recibiredes cos boletíns de notas.

Unha vez remate o festival, recordade que profesorado e alumnado seguirán a súa xornada especial sen as familias, así que vos agradecemos que non demoredes a saída do centro.

Queremos recordarvos que o sábado 21 de decembro comezan as vacacións de Nadal. Estas rematarán o día 7, así que o día 8 de xaneiro volveremos á escola. Tamén vos informamos de que o día 20 de decembro non abrirá a biblioteca pola tarde.

Por último o noso agradecemento á ANPA por colaborar en todo o que se lles pediu e en especial por ir buscar aos Reis Magos e subvencionar os agasallos ao alumnado.

Dende todo o claustro e traballadores da escola, desexámosvos que pasades unhas moi felices festas e que o vindeiro ano sexa proveitoso para todos e todas.

En Corme, 15 de decembro de 2019

O director
Manuel N. Caridad López